

ADDENDA PARA PRORROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA RELATIVO Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, D. José Luis Costa Pillado, en nome e representación do Consello Consultivo de Galicia, actuando en virtude das facultades conferidas pola Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Doutra parte, D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, en nome e representación, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das atribucións que teñen conferidas en nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro.- . Que de acordo co establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en diante Amtega, asumirá progresivamente a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicacións ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.



Segundo.- Que o Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

O Consello Consultivo de Galicia emite ditame en cantos asuntos, relativos ás materias previstas na Lei 3/2014, sexan sometidos á súa consulta pola Presidencia da Xunta de Galicia, o Consello da Xunta ou calquera das persoas que forman parte del, as administracións do sector público autonómico, as entidades locais e as universidades públicas de Galicia.

Terceiro.- O Consello Consultivo de Galicia e a Amtega, para garantir o mellor servizo aos intereses xerais, asinaron o 22 de marzo de 2018 un convenio de colaboración para o desempeño das tarefas de interese público que lles corresponden, cada unha actuando no marco das súas competencias.

Cuarto.- A cláusula cuarta do citado Convenio “Financiamento”, establece o seguinte:

“ O Consello Consultivo de Galicia financiará as actuacións previstas neste convenio ata un importe máximo de 73.866 €, con cargo á aplicación orzamentaria 20.01.111D.216 dos orzamentos do Consello Consultivo de Galicia coa seguinte distribución de anualidades:

	2018	2019	2020	2021
20.01.111D.216	10.866 €	21.000 €	21.000 €	21.000 €

O Consello Consultivo de Galicia achegará a Amtega o importe correspondente a cada anualidade mediante transferencia á correspondente conta do tesouro público, previa xustificación pola Amtega das actuacións levadas a cabo ao abeiro do presente Convenio.

En todo caso, antes do 15 de decembro de cada anualidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia achegará ao Consello Consultivo un informe xustificativo das actuacións levadas a cabo en cada exercicio ao abeiro do presente convenio.

As achegas que se realicen por parte do Consello Consultivo de Galicia non retribuirán á Amtega pola prestación dos servizos TIC que esta realiza ao Consello Consultivo de acordo





coas súas competencias, se non que se empregarán por esta para a prestación dos indicados servizos, e, en particular, no financiamento das contratacións que resulte preciso realizar para a execución do presente convenio de acordo co disposto nel. Neste sentido, a colaboración da Amtega será a título gratuito, dado que non se cobrarán prezo ou tarifa pola prestación dos servizos, nin se retribuirán os traballos de organización e xestión que se realicen coa estrutura e servizos técnicos propios da Amtega

Quinto.- Na cláusula sétima do convenio “Duración do Convenio e Prórroga” refírese que:

“O presente convenio terá unha duración inicial de 4 anos, sen prexuízo da súa prórroga expresa ata un máximo de 4 anos, formalizada con antelación á finalización do período correspondente”.

Sexto.- Os desenvolvementos das actuacións indicadas, exceden da vixencia actual, motivo polo que as partes están interesadas en ampliar a súa vixencia polo que é necesario a modificación do seu financiamento.

Polo anteriormente exposto as partes acordan a sinatura da presente addenda coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira .- Obxecto

Esta addenda ten por obxecto a modificación da cláusula cuarta “financiamento” e a prórroga da vixencia cláusula sétima “duración do convenio e prórroga” do Convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Consello Consultivo de Galicia relativo á prestación de servizos dixitais.

Segunda.- Modificación da cláusula cuarta de Financiamento do Convenio.

Acordase a substitución da cláusula cuarta do Convenio polo texto que figura a continuación:

“O Consello Consultivo de Galicia financiará as actuacións previstas neste convenio ata un importe máximo de 84.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 20.01.111D.216 dos orzamentos do Consello Consultivo de Galicia coa seguinte distribución de anualidades:





	2022	2023	2024	2025
20.01.111D.216	21.000 €	21.000 €	21.000 €	21.000 €

O Consello Consultivo de Galicia achegará a Amtega o importe correspondente a cada anualidade mediante transferencia á correspondente conta do tesouro público, previa xustificación pola Amtega das actuacións levadas a cabo ao abeiro do presente Convenio.

En todo caso, antes do 15 de decembro de cada anualidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia achegará ao Consello Consultivo un informe xustificativo das actuacións levadas a cabo en cada exercicio ao abeiro do presente convenio.

As achegas que se realicen por parte do Consello Consultivo de Galicia non retribuirán á Amtega pola prestación dos servizos TIC que esta realiza ao Consello Consultivo de acordo coas súas competencias, se non que se empregarán por esta para a prestación dos indicados servizos, e, en particular, no financiamento das contratacións que resulte preciso realizar para a execución do presente convenio de acordo co disposto nel. Neste sentido, a colaboración da Amtega será a título gratuito, dado que non se cobrarán prezo ou tarifa pola prestación dos servizos, nin se retribuirán os traballos de organización e xestión que se realicen coa estrutura e servizos técnicos propios da Amtega

Terceira.- Prórroga da Vixencia

A Axencia Para A Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Consello Consultivo de Galicia, acordan prorrogar a vixencia do Convenio relativo a prestación de servizos dixitais, de acordo co disposto na súa cláusula sétima por un prazo de 4 anos.



Cuarta.- En todo o non novado expresamente pola presente Addenda, seguirá en vigor o disposto no referido Convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan a presente Addenda por duplicado.

**O Presidente do Consello Consultivo de Galicia A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia**

Asdo: José Luis Costa Pillado

Asdo: M^a del Mar Pereira Álvarez

